

ANEXO II

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

**CPI DE XANCEDA
MESÍA**

ANEXO II

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

INDICE

0. Introducción
1. Xustificación baseada no contexto
2. Identificación e valoración das necesidades
3. Determinación dos obxectivos
4. Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade
5. Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas
6. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro
7. Mecanismos de coordinación e colaboración internas, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición
8. Canles de colaboración coas nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro
9. Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias
10. Procesos de seguimento, avaliación e memoria

ANEXOS

0. INTRODUCCIÓN

A Lei Orgánica 2/2006 de Educación do 3 de maio, no seu artigo 121 xunto co Decreto 229/2011 establecen que o Proxecto Educativo dos centros recollerá a forma de atención á diversidade do centro e que respectará o principio de non discriminación e inclusión educativa como valores fundamentais. A atención á diversidade configúrase así como un principio fundamental do sistema educativo regulado pola citada lei.

Segundo o mencionado Decreto 229/2011 "enténdese pola atención á diversidade ó conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Partindo desta perspectiva, entendemos por diversidade non só ás diferenzas que presenta o alumnado ante as aprendizaxes escolares e ás distintas causas ás que se poden atribuír: aptitudes, intereses, motivación, capacidades, ritmos de maduración e estilos de aprendizaxes, experiencias e coñecementos previos, contornos sociais e culturais, etc... senón tamén as diferenzas entre as distintas familias, os seus intereses e preocupacións en relación á educación dos seus fillos/as, na que será fundamental a implicación e participación des mesmas, tal e como se recolle na Lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e participación.

Por todo iso, dende o noso centro, a atención á diversidade ríxese polos principios de normalización e inclusión, igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade e accesibilidade, promoción da convivencia, autonomía dos centros e participación de toda a comunidade educativa.

De aí que o Plan de Atención á Diversidade do CPI de Xanceda será o conxunto de medidas organizativas, metodolóxicas e didácticas que o centro pon en práctica para proporcionarlle ao alumnado a resposta educativa máis acorde coas súas necesidades educativas, e que cada quen alcance o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades.

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.

1.1 Entorno socio-económico, alumnado e profesorado.

O centro atópase no concello de Mesía (entorno rural), situado na cunca do río Tambre e pertence á comarca de Ordes na provincia de A Coruña.

Conta cunha superficie de 106,80 km², dividida en 12 parroquias, 11 dentro do termo municipal e unha, Bruma, situada fóra del.

O concello de Mesía conta cunha poboación de 2497 habitantes segundo o último censo.

O núcleo máis poboado de todo o Concello é Visantoña. O centro administrativo é Xanceda. Estamos a falar dunha poboación dispersa. Predomina o sector primario, cunha pequena parte da poboación empregada no sector secundario e terciario. A base económica é eminentemente gandeira e labrega.

A presenza do sector industrial está relacionada co aproveitamento de solo. A existencia de terreos arxilosos provoca o xurdimento de varias telleiras, funcionando na actualidade dúas recentemente remodeladas e cunha elevada produción.

O sector terciario non ten relevancia, sendo cubertos os servizos polos núcleos urbanos de Curtis e Ordes.

A casa do Concello está situada no "Campo das Mentiras", na parroquia de Xanceda. É a institución encargada do mantemento do Centro.

O Concello conta con Biblioteca Municipal na Casa da Cultura, a través da que se realizan cursos de animación á lectura, informática, teatro, etc... e ten contacto permanente co centro para a realización de actividades.

A meirande parte da poboación emprega como lingua de comunicación o galego.

O centro está situado na parroquia de Xanceda, no concello de Mesía. É un C.P.I. (Centro Público Integrado), que acolle alumnos/as pertencentes aos Concellos de Mesía (na maioría) e Frades, desde Educación Infantil de 3 anos ata 4º da ESO. Ademais incorpóranse os alumnos/as das escolas unitarias de Olas, Mesía e Visantoña.

É un centro de 12 unidades que corresponden a:

- 2 unidades de Educación Infantil.
- 6 unidades de Educación Primaria.
- 4 unidades de Educación Secundaria.

Nel, están catalogados os seguintes postos de traballo:

- 2 especialistas de Educación Infantil.
- 1 especialista de Pedagogía Terapéutica de Primaria.
- 1 especialista de Educación Física de Primaria.
- 1 especialista de Educación Musical de Primaria.
- 1 especialista de Inglés de Primaria.
- 1 especialista de Francés de Primaria.
- 5 profesores/as xeneralistas de Primaria.
- 1 profesor de Relixión de Primaria .
- 1 especialistas de Inglés de Secundaria.
- 1 especialistas de Matemáticas de Secundaria.
- 1 especialistas de Ciencias Sociais de Secundaria.
- 1 especialistas de Lingua Galega de Secundaria.
- 1 especialista de Física e Química de Secundaria.
- 1 especialistas de Lingua Castelá de Secundaria.
- 1 especialista en Educación Musical de Secundaria.
- 1 especialista en Educación Física de Secundaria.
- 1 especialista en Tecnoloxía.
- 1 especialista en Pedagogía Terapéutica de Secundaria.
- 1 especialista en Francés de Secundaria.
- 1 Orientador/a escolar.

Ademáis deste profesorado, o centro conta con profesorado interino, debido a que algúns destes atópanse en comisión de servizos, liberación sindical, excedencia, etc...

1.2. Marco Legal.

Normativa básica que condiciona e regula os diferentes aspectos relacionados coa atención á diversidade nos centros educativos:

- Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo (DOG 7/11/1995).
- Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica do alumnado con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral e establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización (DOG 19/12/1996).
- Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento de flexibilización da duración de período de escolarización do alumnado con NEE asociados a condicións persoais de sobredotación intelectual (DOG 28/11/1996).
- Decreto 374/1996 do 17 de outubro polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de EI e dos colexios de E.P. (DOG 21/10/1996).
- Orde de 22 de xullo de 1997, que se regula aspectos da organización e funcionamento de escolas e colexios de E.I. e E.P. (DOG 2/09/1997).
- Decreto 120/1998 de 23 de abril polo que se regula a orientación educativa e profesional (DOG 31/07/1998).
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional (DOG 31/07/1998).
- Circular 9/1999 pola que se dictan instrucións para a atención á diversidade na ESO.
- Orde do 27 de decembro do 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con NEE (DOG 30/01/2003).
- Orde do 20 de febreiro do 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estanxeiro (DOG 26/02/2004).
- Orde do 17 de marzo do 2007 polo que se regula o procedemnto de admisión do alumnado no segundo ciclo de E.I., E.P. ESO e Bacherelato (DOG 19/03/2007).
- Decreto 130/2007 de 28 de xuño polo que se establece o currículo de Educación Primaria (DOG 9/07/2007).
- Decreto 133/2007 de 5 de xullo polo que se regulan as ensinanzas da Educación Secundaria Obrigatoria (DOG 13/07/2007).
- Orde de 30 de xullo de 2007, pola que se regulan os programas de diversificación curricular (DOG 21/08/2007).
- Orde do 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da Educación Secundaria Obrigatoria (DOG 12/09/2007).

- Orde do 23 de Novembro de 2007 pola que se regula a avaliación na Educación Primaria (DOG 30/11/2007).
- Orde de 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na Educación Secundaria (DOG 7/01/2008).
- Decreto 330/2009 do 4 de xuño polo que se establece o currículo de Educación Infantil (DOG 23/06/2009).
- Lei 4/2011 de 30 de xuño de convivencia e participación (DOG 15/07/2011).
- Decreto 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado (DOG 21/12/2011).

2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.

Tendo en conta o alumnado e os recursos persoais dos que dispoñemos, identificamos as seguintes necesidades:

2.1. Relativas ao alumnado:

- Fomentar a autonomía persoal.
- Mellorar a comprensión lectora.
- Dificultades na resolución de problemas.
- Incorporar técnicas para manter a atención.
- Desenvolver estratexias no tratamento da información.
- Avaliación e detección das posibles dificultades de Audición e Linguaxe en Educación Infantil.

2.2. Relativas ao profesorado:

- Facilitar recursos.
- Asesoramento sobre as medidas de atención á diversidade.
- Formación para adecuarse aos cambios que esixe a numerosa lexislación.

2.3. Relativas ao centro:

- Falta de recursos humanos para ofrecer unha atención á diversidade de calidade.

3. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS.

Os obxectivos que se pretenden acadar son:

- ✓ Procurar que todo o alumnado adquira as competencias básicas no maior grado que sexa posible.
- ✓ Favorecer a equidade na educación, mellorando a inclusión e a normalización na resposta educativa ao alumnado en situación de desvantaxe.
- ✓ Garantir a actuación coordinada de todo o Equipo Docente.
- ✓ Organizar e optimizar os recursos do centro.
- ✓ Desenvolver as medidas de atención á diversidade previstas na lexislación vixente.
- ✓ Diseñar respostas educativas para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- ✓ Asesorar e ofrecer recursos ao profesorado.
- ✓ Coordinar cos Servizos Sociais do Concello.
- ✓ Buscar colaboración e asesoramento doutros servizos externos: EOE, SAT, Saúde Mental...

4. DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

4.1. Medidas Ordinarias.

Son as actuacións que "faciliten a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas".

Por lei, as medidas ordinarias que podemos contemplar son as seguintes:

- 1) Adecuación da estrutura organizativa do centro:
 - Horarios.
 - Agrupamentos.
 - Espazos.

- 2) Adecuación das programacións didácticas ao entorno e ao alumnado.
- 3) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos:
 - Tutoría entre iguais.
 - Traballo en grupos.
 - Aprendizaxe por proxectos...
- 4) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- 5) Aulas de atención educativa e convivencia destinada a mellorar a convivencia.
- 6) Desdoblamento de grupos.
- 7) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- 8) Programas de enriquecemento curricular.
- 9) Programas de reforzo nas áreas instrumentais.
- 10) Programas de recuperación.
- 11) Programas específicos personalizados.
- 12) Programas de habilidades sociais.

4.2. Medidas Extraordinarias.

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

REQUIREN DA AUTORIZACIÓN DE:

- A DIRECCIÓN DO CENTRO.
- SERVICIO DE INSPECCIÓN EDUCATIVA, XEFATURA TERRITORIAL, OU DA DIRECCIÓN XERAL QUE PROCEDA.

As contempladas por lei son:

- 1) Adaptacións curriculares.
- 2) Agrupamentos flexibles.
- 3) Apoio do profesorado especialista en P.T. e/ou A.L.

- 4) Flexibilización de diversificación curricular.
- 5) PMAR.
- 6) Programas de cualificación profesional inicial, na actualidade Formación Profesional Básica.
- 7) Atención educativa que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro educativo.
- 8) Grupos de adquisición das linguas.
- 9) Grupos de adaptación da competencia curricular

5. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.

5.1. Recursos.

- Dúas mestras de PT, unha para E.P. e outra para ESO.
- Unha profesional de persoal auxiliar - coidadora (solicitada curso a curso).
- Unha orientadora.

5.2. Organización dos apoios.

- a) Tendo en conta estes recursos, cada curso escolar verémonos na obriga de priorizar unhas actuacións deixando de atender outras.
- b) O criterio xeral adoptado é proporcionar unha resposta educativa adaptada á diversidade de capacidades, intereses e ritmos de aprendizaxe do alumnado co fin de facilitar o logro dos obxectivos de cada etapa educativa.
- c) As demandas ao Departamento de Orientación faranse unha vez esgotadas as medidas levadas a cabo polo titor/a na aula: cambios metodolóxicos, na distribución da clase, axuda entre iguais, atención e explicacións individualizadas, prioridade de obxectivos, ...
- d) No Departamento de Orientación, determinarase a prioridade das demandas en función das características de cada caso.
- e) Os casos de A.L. estarán atendidos en función da presenza do especialista, pero tamén serán derivados ao Departamento.

- f) Os apoios atenderán principalmente á adquisición das aprendizaxes instrumentais de Lingua e Matemáticas.
- g) Si existise unha Adaptación Curricular porque o desfase sexa significativo, traballarase en función da mesma.
- h) Os apoios impartiranse preferentemente na aula, seguindo o criterio do punto f). Poderanse realizar fóra da aula si a resposta educativa que precise o alumnado non se relacione coa resposta educativa que se está a dar nese período na aula (principalmente por desfase curricular).
- i) Poderanse agrupar alumnos e alumnas que presenten dificultades similares na aula de apoio e así xestionan o recurso do especialista en P.T.
- j) Si contasemos con especialista en A.L. o alumnado sí sairá da aula e as sesións serán preferiblemente de media sesión. Ao igual que o punto i), poderanse agrupar alumnos e alumnas que presenten as mesmas dificultades.
- k) Segundo a lexislación vixente, no caso de que os apoios sexan fóra da aula, non excederán no tempo á terceira parte da xornada lectiva.
- l) Levarase a cabo unha avaliación continua do progreso do alumnado e das medidas propostas, introducindo as medidas correctoras oportunas sempre que o progreso non sexa positivo.
- m) A organización da atención será aberta a cambios, flexible e suxeita a modificación ao longo de curso, preferiblemente nas xuntas de avaliación.
- n) Será importante poder establecer unha boa coordinación entre todos os profesionais implicados na intervención.

5.3. Priorización das intervencións.

Sempre que non se poidan atender todas as demandas derivadas ao Departamento a priorización rexerese por:

- a) Priorizar os casos de maior gravidade: alumnado con NEAE de carácter permanente derivadas de deficiencias psíquicas ou sensoriais ou problemas graves de personalidade.
- b) Alumnado que presente un desfase curricular significativo e teña unha Adaptación Curricular. Será atendido pola especialista en PT dentro ou fora da aula.
- c) Alumnado que presente un desfase curricular e que cos cambios levados a cabo polo titor/a (punto 5.2 c)) non vai lograr progresar adecuadamente.

- d) Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe, priorizando os cursos máis baixos.
- e) Alumnado que repite curso.
- f) En E.I. apoiaranse os casos moi significativos con síndrome diagnosticadas.

5.4. Modalidade dos apoios.

5.4.1. Do profesor/a titor/a ou doutros profesores. Estará destinado ao alumnado que pode seguir o currículo ordinario do curso, pero necesita, para logralo, unha atención máis individualizada.

5.4.2. Da especialista en PT. Para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

5.5. Procedemento para incluír a un alumno/a en apoio.

Os pasos a seguir serán:

- 1) Detección: Na avaliación inicial que cada titor/a ou profesor de área/materia que se leva a cabo a principio de curso ou calquera momento do curso escolar.
- 2) Derivar o caso ao Departamento de Orientación, cubrindo a correspondente folla de derivación. O titor/a informará aos pais.
- 3) A orientadora valorará ao alumno/a previa autorización da familia.
- 4) De ser o caso, asignaranse un número de sesións de apoio.
- 5) O titor/a informará por escrito aos pais da medida de apoio.
- 6) Informarase ao xefe/a de estudos do horario.

6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.

6.1. Claustro.

- Aprobar o Plan de Atención á Diversidade.

6.2. Titor/a.

- Participar no desenvolvemento do Plan de Atención á Diversidade.

- Realizar a avaliación inicial.
- Colaborar co Departamento de Orientación na avaliación psicopedagóxica.
- Atender ás dificultades de aprendizaxe do seu alumnado para proceder aos cambios oportunos na metodoloxía ou organización da aula e do currículo citados ao longo deste Plan.
- Elaborar as Adaptacións Curriculares coa colaboración do resto do profesorado especialista en P.T. e A.L. e a orientadora.
- Facilitar a integración dos alumnos/as no grupo.
- Fomentar a participación de todos os seus alumnos/as nas actividades do centro.
- Coordinar o proceso de avaliación dos alumnos/as do seu grupo.
- Informar ás familias sobre o proceso educativo dos seus fillos.

6.3. Funcións do profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

- Asistir ás reunións da comisión de coordinación pedagóxica.
- Participar na avaliación inicial do alumnado que acceda á educación secundaria obrigatoria e, cando cumpra, naquelas sesións de avaliación que afecten a alumnado con necesidades educativas especiais.
- Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares individuais, así como das medidas de reforzo, se é o caso, e daquelas dirixidas á atención á diversidade do alumnado.
- Prestarlle atención docente directa ó alumnado con necesidades educativas especiais que así o requira, atención que, en xeral, se prestará no grupo no que está integrado.
- Aquelas funcións que a Administración educativa lles poida asignar referidas á orientación.

6.4. Funcións do Departamento de Orientación.

- Valora-las necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnos e alumnas do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención do seu ámbito de actuación.

- Elaborar, de acordo coas directrices establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica, as propostas do plan de orientación académica e profesional, e do plan de acción tutorial, incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e ofrecerlle ó profesorado soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.

- Participar na elaboración, seguimento e avaliación dos proxectos educativos e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ó alumnado con necesidades educativas especiais e nos principios de avaliación formativa e, cando cumpra, na adecuación dos criterios de promoción.

- Deseñar accións encamiñadas á atención temperá, se é o caso, do seu alumnado e o dos colexios e escolas que lle sexan adscritos e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivados tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presenten os alumnos e alumnas.

- Participar na avaliación psicopedagóxica conforme á normativa ó respecto e participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.

- Facilitarlle ó alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para adquirir habilidades básicas de vida e enfrontalos momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa, a elección de optativas ou de itinerarios formativos, a transición á vida profesional e a resolución de conflitos de relación interpersoal.

- Informar ó alumnado dos recursos laborais e profesionais ó seu alcance e propoñer a realización de actividades de orientación que lle faciliten a toma de decisións sobre o seu futuro.

- Cooperar cos membros dos equipos de orientación específicos no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de orientación.

- Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de

ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos ou en calquera outro relacionado co seu ámbito de actuación.

- Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos, especialmente no relativo á motivación, á construción do autoconceito e da autoestima e no proceso de toma de decisións.

- Establecer canles de comunicación cos diferentes servizos ou institucións no ámbito das súas competencias.

- Nos institutos onde se imparta formación profesional específica, coordinar a orientación laboral e profesional con outras administracións o institucións.

- Aqueloutras que a Administración educativa lle puidese encomendar no ámbito das súas funcións.

6.5. Funcións do Equipo Directivo.

- Será o responsable de desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade.

- Impulsar propostas e facilitar as condicións necesarias para a súa posta en marcha, tanto nas medidas de atención á diversidade como á necesaria coordinación entre o profesorado.

- Solicitar os recursos necesarios para Atención á Diversidade.

- Habilitar os recursos dispoñibles.

- Coordinar a actividade docente do centro.

7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASI COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN.

7.1. Coordinación Interna.

- Reunións do Departamento de Orientación.

- Reunións da orientadora co profesor especialista de P.T. e A.L. se o houberse.

- Reunión da orientadora cos especialistas de P.T. e A.L. e cos titores/as.
- Reunión de ciclo e departamentos.
- Reunións da C.C.P.
- Sesións de avaliacións.
- Todas as xuntanzas que requiran os casos concretos.
- Coordinación entre E.I. e E.P., así como entre E.P. e E.S.O.

7.2. Coordinación Externa.

- Reunións coas directoras dos centros adscritos.
- Reunións cos Servizos Sociais do Concello.
- Reunións co Servizo de Atención Temprá de Ordes.
- Visita a IES e outras institucións co alumnado de 4º ESO.
- Coordinación con outros Servizos ou Institucións que interveñan na atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS, OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.

8.1. Familias.

Levaranse a cabo reunións nun número e cunha periodicidade variable segundo as necesidades:

- Reunión de inicio de curso Equipo Directivo - Titor/a - Familias.
- Reunións coa orientadora nas que se intercambiará información relevante.
- Reunións de seguimento con periodicidade variable, nas que poden participar titor/a, especialistas, Equipo Directivo e Orientadora.

8.2. Servizos Externos.

Débese coidar a comunicación con:

- Servizos de Neuropediatría.
- Servizos de Atención Temperá.
- Servizos Sociais do Concello.
- Servizos de Saúde Mental infanto-xuvenil.
- Organismos relacionados con atención a necesidades educativas: ASPANAES, COGAMI, FADEMGA, ...

8.3. Centros Adscritos.

- A orientadora visitará aos Centros.
- As directoras dos centros adscritos serán recibidas pola orientadora no CPI de Xanceda.

9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.

- Demanda de Intervención do Departamento de Orientación elaborado polo mesmo.
- Autorización dos pais/nais/titores legais para recibir atención por parte dos especialistas en P.T. e A.L.
- Autorización dos pais/nais/titores legais para a inclusión do alumnado nun programa de Diversificación Curricular.
- Autorización dos pais/nais/titores legais para a inclusión do alumnado na Formación Profesional Básica.
- Autorización dos pais/nais/titores legais para incluír ao alumnado nos Programas de Agrupamento Específicos.
- Autorización dos pais/nais/titores legais para realizar unha Avaliación Psicopedagóxica.

- Documento de información e autorización familiar sobre adaptacións curriculares.
- Autorización dos pais/nais/titores legais sobre flexibilización da idade de escolarización.

10. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MEMORIA.

O Plan de Atención á Divesidade debe axustarse á realidade cambiante do Centro.

Ao comenzo de cada curso escolar, o Departamento de Orientación elaborará a proposta da concreción anual do Plan Xeral de Atención á Divesidade, e formará parte da programación xeral anual.

Ao finalizar o curso escolar, o Departamento de Orientación na súa memoria anual informa sobre as súas actuacións.

Corresponde aos Servizos de Inspección Educativa supervisar a elaboración, desenvolvemento e avaliación de Plan de Atención á Diversidade, así como prestar o asesoramento necesario para tales fins.

O obxectivo desta avaliación será o de analizar cunha periodicidade anual, preferentemente ao final de cada curso, a adecuación de este á realidade do Centro e deseñar as modificacións pertinentes en canto a alumnado e recursos humanos e materiais previstos para o curso seguinte.

➤ proceso a seguir será:

- Análise e avaliación nas reunións de ciclo e departamento.
- Posta en común na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Elaboración de conclusións e posibles modificacións os claustro.
- Inclusión das valoracións e modificacións na Memoria.

➤ Establécense como criterios de avaliación:

- A realización das actuacións previstas.
- O grao de satisfacción das necesidades.

- A adecuación das actividades ás necesidades dos destinatarios.
- A relación dos distintos sectores educativos implicados.
- A relación cos axentes externos.
- O grao de implicación das persoas implicadas.
- A adecuación dos recursos dispoñibles.